

**Acta núm. 17/2020.**  
**Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local**  
**do 23 de xuño de 2020.**

**CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:**

Pablo Lago Sanmartín.  
Carlos Noya Pereira.  
María Rosa Romero Fariña.  
Sandy Marie Cebral Gómez.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 13,00 horas do 23 de xuño de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 2º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 3º) ROGOS E PREGUNTAS.

**PRIMEIRO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).**

**a)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PATRICIA DÍAZ PIÑEIRA, na que comunica que vai realizar obras de conservación nunha vivenda sita en Paseo de Pedrouzos nº 62 – Brión, substituindo as tellas en mal estado da cuberta por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 6357807NH2465N0002HI), na que se van a executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 41,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 105,57 euros.

**b)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SANTIAGO COSTOYA VALIÑO, na que comunica que vai realizar obras para reparar o desaugadoiro e modificar a pendente da terraza, nunha vivenda sita na Urbanización Montebalado nº 13, baixo A; a actuación solicitada non modifica a estrutura nin incrementa o volume actual da edificación.

A parcela (referencia catastral nº 6550702NH2465S0029YF), na que se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 1,58 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 66,15 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL PÉREZ BARCO, na que comunica que vai realizar obras de reparación dun muro de pedra sito en Chave de Ponte nº 28; o muro ten unha lonxitude aproximada de 15 metros e unha altura máxima de 1,50 metros medido desde a rasante natural do terreo.

O muro atopase en situación de non plenamente compatible coas determinacións do planeamento, e trátase de obras de conservación que non consolidan ni modifican a altura do peche.

A parcela (referencia catastral nº 9113201NH2491S01HT) na que se van a executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 1,44 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 66,01 euros.

## **SEGUNDO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por PURIFICACIÓN GONZÁLEZ MARCOS E CARLOS BÓVEDA CASADO, na que solicitan licenza para construír unha vivenda unifamiliar na Avda. Vicente Ramos nº 19,- Os Ánxeles, segundo proxecto de execución asinado polo arquitecto Carlos Bóveda Casado, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 29.05.2020 (n.r.e.:2002377).

A parcela onde se pretenden executar as obras, (ref. catastral nº7348203NH2474N0001UJ), está situada en solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución asinado polo arquitecto Carlos Bóveda Casado, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 29.05.2020 (n.r.e.: 2002377).

- Como garantía da urbanización dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, 34,07m<sup>2</sup>, e a execución das conexións coas redes de servizo existentes (abastecemento, saneamento, pluviais e alumeadado público), imponse un aval bancario por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a

construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 3.126,95 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 223,86 euros.

Total: 3.350,81 euros.

**b)** Deuse conta dunha instancia presentada por Eladio Esparís Barbazán, que di actuar en representación da ASOCIACIÓN ESPARÍS Sociedade Civil, solicitando licenza para a construción da cuberta dunha fosa de purín existente no lugar de Vilar -Viceso, segundo proxecto de técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Óscar J. Pose Andrade, visado o 23/01/2020 polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas (A Coruña – Pontevedra), expt. nº CO-20200052.

A parcela onde se empraza a explotación gandeira ( nº 1255902NH2415N0001XP) na que se van a executar as obras, atópase clasificada como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-2).

Antecedentes:

1.- A explotación gandeira, nº de censo 15.013.00036, conta co recoñecemento da súa existencia con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003.

2.- A Xunta de Goberno Local do 29/11/2016 concedeu licenza para construír unha fosa de purín e acondicionar o interior da nave existente para recría de novillas, en Vilar, Viceso, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Óscar J. Pose Andrade, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas ( A Coruña - Pontevedra) o 23/11/2016, visado nº CO-20160982.

3.- Con data 28.01.2020 a ASOCIACIÓN ESPARÍS S.C. solicita nova licenza para a construción dunha cuberta sobre unha fosa de purín existente na parcela.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Óscar J. Pose Andrade, visado o 23/01/2020 polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas (A Coruña – Pontevedra), expt. nº CO-20200052.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 188,10 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 234,31 euros.

Total: 422,41 euros.

**c)** Deuse conta dunha instancia presentada por Elena Ampudia Aixendri, que di actuar en representación de DANIEL RODRÍGUEZ LOZANO, na que solicita licenza para rehabilitar unha vivenda unifamiliar no lugar de Tembra nº 8 – Boullón, segundo proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta Elena Ampudia Aixendri visado o 31.07.2019 (n.r.e.: 1904134).

A parcela onde se sitúa a edificación a rehabilitar, ref. catastral nº 4245907NH2444N0001WT, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e sitúase dentro da aldea de Tembra, incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como MBE-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (expte. 512/19) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución de rehabilitación de vivenda unifamiliar redactado pola arquitecta Elena Ampudia Aixendri visado o 31.07.2019 (n.r.e.: 1904134).
- Deberán cumprirse as condicións recollidas na autorización da Consellería de Cultura e Turismo (expte. 512/19): O revestimento monocapa proxectado substituirase por un enfusado de morteiro pintado nunha cor da gama dos brancos, e manterase a dimensión e formalización de voos da cuberta: sobrepena de lousa a modo de cornixa e tella voada.
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión, 22,70 m<sup>2</sup>, e que implica a pavimentación deste espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existentes (abastecemento, saneamento, pluviais e alumeadado público), imponse un aval bancario por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, conxuntamente co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 22,70 m<sup>2</sup>. destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 18 de xuño de 2020.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.030,00 euros.
  - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 128,13 euros.
- Total: 1.158,13 euros.

### **TERCEIRO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 13,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González